

OSTENDE

Laura Citarella, 2011

1568

ESTREA EN NUMAX: 06.08.2025 | V.O. | 85 min

Unha muller gaña un concurso. O premio: catro días de vacacións nun hotel de Ostende, cidade balnearia fóra de tempada. A partir de alí ábreanse dous camiños. Por unha banda, o do lecer: déixase levar polos rituais do descanso, a praia, as pequenas rutinas, a suave e imperceptible felicidade. Pola outra o da intriga: enigmas sutís, situacións levemente inquietantes, anomalías mínimas, estraña narracións que parecen dispostas a agromar no momento menos pensado. Entre estes dous universos, entre estas dúas maneiras de pensar o cinema, oscila, como un péndulo, este pequeno filme.

«Un filme pequeno e intrigante,
misterioso, que escorrega entre os
dedos»

Diego Lerer, MICROPSIA CINE



Entrevista con Laura Citarella: «Hitchcock representa o ABC do meu cinema, é como un manual»

Por Daniel Espejo

Como se iniciou o proxecto? Tiven moitas críticas respecto diso. Teño unha produtora xunto con Mariano Llinás, Alejo Moguillansky e Agustín Mendilaharsu que se chama El Pampero Cine. Eu tiña ganas de dirixir de novo porque só dirixira unha curta en *Historias Breves V* («Tres juntos», 2009). Pensamos nunha curta ou unha media metraje. Compramos unha cámara nova e queríamos probar algunhas cousas que tiñamos en mente, como diferentes ópticas etc. Ademais queríamos traballar no Vello Hotel Ostende. E eu tiña moitas ganas de traballar con Laura Paredes. Escribín un guión e melloréino bastante da man de Mariano Llinás, fixen un traballo máis estrutural, el escribiu un texto para incluír na película. Fun a filmar e finalmente quedou unha película de 85 minutos. Desde a crítica chegou a mensaxe de que fomos a facer unha curta que alongáramos para entrar no BAFICI. E a verdade é que é unha película moi pensada e traballada.

As súas películas teñen un espírito moi grupal. A película é parte dun plan maior. Hai moitos elementos de *Ostende* que están na película de Mariano que estamos a producir paralelamente. Esta é unha película feita mentres facemos outras máis grandes. Rotamos, e ocupamos todos os roles. É un sistema que armamos. Non para que nos collan as películas para o BAFICI, senón para seguir coa nosa búsqueda. Con *Ostende* arrisqueime a que non fose comprendida ou interpretada. Pero tamén estou a probar cousas, é a miña ópera prima. Temos unha formación dunha banda de rock. A película é tanto miña como deles. Pero obviamente que a responsabilidade, a angustia e o nivel de compromiso é maior para min neste proxecto. Os meus compañeiros foron moi solidarios comigo, tiveron moito respecto e apoio polo meu proxecto.

Como definirías o modelo de produción que vostedes teñen? É un sistema que nos serve a nós. Facemos películas por fóra dos créditos e subsidios do INCAA (Instituto Nacional de Cinema e Artes Audiovisuais), o ente estatal. Nós non lles pedimos ás películas que nos manteñan economicamente. Dese xeito, un pode traballar cunha liberdade un pouco máis grande. Despois nós facemos traballos paralelos, cos mesmos equipos cos que realizamos as películas, que son publicidades, traballos por encargo, e con iso vivimos. Traballamos cun equipo moi áxil e sáennos traballos moi acordes connosco, traballos de guerra. En xeral, son proxectos onde se nos pide ser rápidos e non moi caros á hora de cobrar. Cada un cumpre un rol técnico, pero todos somos uns pouco produtores e directores.

Estás de acordo con que hai elementos de Hitchcock e de Antonioni en *Ostende*? O meu pai actúa na película. Fai o personaxe do home que se aloxa no hotel coas dúas mulleres. Mandoume un e-mail relacionando *Ostende* con *Blow up*. A película está moi atravesada por todas as cousas que vin na miña vida. Hitchcock é ao director ao que máis lle prestei atención, representa o ABC do cinema, é como un manual. Xusto este ano filmamos algunhas cousas moi hitchcockiás. Así que tamén de aí veu a cousa. Juan Villegas fixo unha apreciación sobre o traballo co espazo e relacionouno co cinema de Éric Rohmer. A representación espacial é algo que traballei moito porque a antigüidade do hotel e o seu tamaño constrúense en gran medida a través do son.